

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2018


Música, memoria
e emoción

S
A
N
T
I
A
G
O
D
E
C
O
M
P
O
S
T
E
L
A

6 X U Ñ | 2 9 X U Ñ 2 0 1 8







".... Na espera de beber algo xuntos deixando entrar o sol pola galería do Auditorio de Galicia, onde soño, poesía e vida se mesturan, e signifiquemos xuntos que a creación é un xesto total e totalizador".

Brussel, 1994

Esta foi a despedida da última carta que recibín de Enrique X. Macías, uns meses antes da súa morte. O 18 de maio pasado Enrique cumpriría 60 anos, e a el dedicámoslle a edición das Xornadas deste ano. Non só porque é un dos compositores máis sobresaíntes da música contemporánea galega e española, un creador que centrou todas as súas enerxías compositivas e persoais no desexo constante da procura da coherencia e do rigor intelectual, senón porque Enrique X. Macías está na orixe e no desenvolvemento das Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela.

En marzo de 1987 tivo lugar a primeira edición do festival, froito da colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Ministerio de Cultura, con Carlos Villanueva (director da Aula Aberta da USC), Tomás Marco (director do Centro para la Difusión de la Música Contemporánea) e Enrique X. Macías como

responsables intelectuais e loxísticos do que ata o día de hoxe é o único espazo en Galicia que, de xeito case continuado, pon en valor a creación e a difusión da música do noso tempo. Foron anos e inicio, de moita enerxía e ilusión, onde pronto se incorporaron novos socios cómplices e fundamentais como o Auditorio de Galicia e o CGAC.





Anos tamén de tristes e prematuras perdas. Enrique Macías, Xan Viaño e Manolo Balboa, os tres coetáneos, sempre vinculados ao proxecto dende a súa xénese, representaban o mellor da xeración de compositores españois daquel momento.

Neste breve exercicio da memoria quero recordar tamén a Manuel Rodeiro, responsable do Departamento de Música do CGAC entre o 1994-1998 e director artístico das Xornadas neses anos. Manel simboliza a seguinte xeración de compositores galegos, moi presente tamén nesta aventura. Foi un momento especialmente importante na historia non só do Festival, senón tamén da vida cultural de Galicia.

Trinta e un anos de Compostela como lugar de encontro para a reflexión e a creación contemporánea, na que participaron varias xeracións de compositores e músicos galegos, españois e europeos.

Remato como empecei, con Enrique e esa derradeira carta escrita en Bruxelas, mentres compoñía "Alias", estreada en Londres ese mesmo ano:

"Sinto nostalxia, quixera poder falarche no canto de escribirche e soñar a palpitación de existir, a vida, e sen apresuramentos, falar das Xornadas, do país, dicir a palabra xusta, provista de toda carga e de todo enunciado. C'est la vie! Regard, regard..."

Pasaron os anos e aquí seguimos, sempre teimudos, fixando a mirada no presente e mirando cara o futuro, ante un mes de xuño cargado de música, memoria e emoción. As Xornadas continúan e o sol segue a entrar pola galería do Auditorio de Galicia.

Mercedes Rosón Ferreiro

Maio 2018

Calendario

Mércores 6

CGAC

19:30 h Inauguración

60 aniversario Enrique X. Macías (1958 – 1995)

E. X. Macías, unha perspectiva persoal

Manuel Bragado, editor

Carlos Villanueva, profesor de musicoloxía da USC

Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías

Modera: Mercedes Rosón, subdirectora da área de cultura da USC

20:30 h

Isabel Pérez Dobarro, piano

Sonata

Venres 8, 20:00 h

Igrexa USC

Yale Schola Cantorum

David Hill, director principal

Masaaki Suzuki, principal director invitado

Path of Miracles

Mércores 13, 20:30 h

Igrexa da Universidade

Rafael Yebra, saxofón

Saxofón en galego

Xoves 14, 20:30 h

Sala Mozart. Auditorio de Galicia

José Vicente Faus, Fernando Buide del Real e alumnos e alumnas da Escola de Altos Estudos Musicais

O pulso da fala

Mércores 20, 19:30 h

CGAC

Conferencia Nicasio Gradaille

A visión para piano de John Cage (1912–1992)

Mércores 20, 21:30 h

Praza de Cervantes

Javier Otero Neira, piano

Silent Wifi music experience

Xoves 21, 20:30 h

Sala Angel Brage. Auditorio de Galicia

Banda Municipal de Música de A Coruña

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Juan José Ocón e Casiaño Mouriño, directores

Aniversarios.

Concerto conmemorativo dos 170 anos da

BMSC

e dos 70 anos da BMMC

Venres 22, 20:30 h

Igrexa da Universidade

Vox Stellae

Luis Martínez, director

Espiritualidade con voz de muller

Luns 25

CGAC

19:00 h

60 aniversario Enrique X. Macías (1958 – 1995)
Macías e Portugal: unha ollada próxima

Manolo Romón, actor, presentador e escritor

Pedro Amaral, compositor e director de orquestra

Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías

Modera: Paco Yáñez, crítico de mundoclásico

20:30 h Vertixe Sonora

Pedro Amaral, director

Itinerario de Luz

Martes 26, 20:30 h**Sala Mozart. Auditorio de Galicia**

Duo Finisterrae

Bleuenn Le Friec, arpa

André Cebrían, frauta

*Duo Finisterrae. 10 anos de música***Mércores 27, 20:30 h****Paraninfo da Universidade**

Fernando Buide, compositor

Fernando Epelde, dramaturgo

*Buscando a Clío, achegando linguaxes para unha ópera contemporánea***Xoves 28, 20:00 h****Parque de San Domingos de Bonaval**

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Casiano Mouriño, director

Pistacatro

Pablo Reboleiro, dirección artística

Manuel Otero Paino, dirección musical

*Orquestra de Malabares***Venres 29, 20:30 h****Sala Angel Brage. Auditorio de Galicia**

Dirección e dramaturxia: Quico Cadaval

Elenco: Quico Cadaval, María Costas, Iván

Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira,

Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez

Escenografía e espazo lumínico: Baltasar Patiño

Vestuario, atrezzo e deseño gráfico: Suso

Montero

Música: Javier María López

Intérpretes: TAC (Taller Atlántico

Contemporáneo)

*A Cabeza do Dragón de Ramón María del Valle Inclán***Acceso libre até completar o aforo**

É preciso adquirir entrada para o espectáculo

A Cabeza do Dragón

Venres, 29 ás 20:30 h

Auditorio de Galicia

12 euros

Desconto do 50% para persoas desempregadas, maiores de 65 anos, xubiladas, menores de 25 anos, estudantes, perceptoras de rendas sociais, familias monoparentais e familias numerosas.

Horarios dos despachos de billetes

Teatro Principal:

De martes a sábado de 18:00 a 20:30 h.

Auditorio de Galicia:

O día da actividade a partir das 18:00 h

Entradas

entradas.abanca.com

981 910 522



Isabel Pérez Dobarro, piano

Desenvolve a súa carreira artística nos Estados Unidos, España, Rusia, Bélxica, Italia e Portugal. Ten actuado en salas tan prestixiosas como o Carnegie Hall de Nova York ou o Conservatorio Chaikovski de Moscova. Recibiu numerosos premios en certames internacionais como o American Protégé International Piano Competition ou o Grand Prize International Virtuoso Competition. Foi xurado no Weschester Musicians Guild Young Artists Concert Auditions e impartiu clases maxistras no New York University Undergraduate Collegium; e conferencias no Nobel Peace Prize Forum, na Asemblea Xeral das Nacións Unidas, no Parlamento Europeo dentro do European Arts Forum; nas Universidades de Michigan, Vechta (Alemaña) e Columbia; ademais de no Carnegie Hall e no Vaticano. Dirixe a iniciativa de United Nations Sustainable Development Solutions Network, na súa sección de Youth Arts Twenty Thirty, que combina as artes e a sustentabilidade mediante a organización de eventos en todo o mundo e a promoción da arte. En 2016 gañou, xunto

á mezzosoprano Anna Tonna, o premio New York Women Composers Seed Grant para a realización do proxecto "Mulleres en Música", iniciativa que promociona a música composta por mulleres tanto en Estados Unidos como en España. Os seus 25 anos está a realizar o seu doutoramento na Universidade de Nova York, onde ten impartido clases dende os 19 anos como Instrutora Adxunta. Previamente estudou na Escola de Música de Manhattan con Solomón Mikowsky e o Grao Superior de Piano no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde recibiu o Premio de Fin de Carreira con tan só 18 anos.



Mércores 6
CGAC

19:30 h

Inauguración

60 aniversario Enrique X. Macías (1958 – 1995)

Manuel Bragado, editor

Carlos Villanueva, profesor de musicoloxía da USC

Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías

Modera: Mercedes Rosón, subdirectora da área de cultura da USC

20:30 h

Isabel Pérez Dobarro, piano

Sonata (1989)

Impromptu I - Refrain

Yale Schola Cantorum

Yale Schola Cantorum é un coro de cámara que interpreta música sagrada do século XVI ata os nosos días en concertos e servizos corais arredor do mundo. Está apoiada polo Instituto de Música Sagrada de Yale e dirixido por David Hill. Masaaki Suzuki é o principal director invitado. O coro, cuxas audicións están abertas a estudantes de todos os departamentos e as facultades de formación profesional da Universidade de Yale, teñen un interese especial na práctica de interpretacións historicistas, que a miúdo realizan xunto a instrumentistas da Facultade de Música de Yale e Juilliard. A Schola foi fundada en 2003 por Simon Carrington e traballou con directores recoñecidos internacionalmente, entre os que se inclúen Simon Halsey, Paul Hillier, Stephen Layton, Sir Neville Marriner, Nicholas McGegan, James O'Donnell, Stefan Parkman, Krzysztof Penderecki, Helmuth Rilling e Dale Warland. Ademais de actuar regularmente en New Haven e Nova York, o conxunto realiza gravacións e xiras nacionais e internacionais. As gravacións da Schola encóntranse nos selos Delos, Gothic e Naxos. Durante as súas xiras, a Schola Cantorum ofreceu concertos en Inglaterra, Hungría, Francia, China, Corea do Sur, Italia, Grecia, Turquía, Xapón, Singapur, Rusia, Estonia, Letonia e India. En 2018 realizan esta xira por España.

soundcloud.com/yaleism/regina-coeli-laetare-yale-schola-cantorum

David Hill, director

David Hill ten unha longa e distinguida carreira como un dos principais directores de Europa. O seu talento foi recoñecido co seu nomeamento como director principal dos BBC Singers, director musical do Bach Choir, director principal da Southern Sinfonia, director musical da Leeds Philharmonic Society e director asociado invitado da Bournemouth Symphony Orchestra. En 2002 foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Southampton en recoñecemento aos seus servizos á música. En 2007 foi nomeado membro honorario da Royal School of Church Music e en 2010 académico

honorario da Royal Academy of Music. Ademais de ter máis de setenta gravacións no seu haber, Hill interpretou practicamente todos os estilos e períodos do repertorio coral, desde Canto Gregoriano, ata polifonía renacentista, desde oratorios barrocos hasta obras mestras modernas para coro e orquestra. Ten encargado dúas obras a recoñecidos compositores contemporáneos, entre outros Judith Bingham, Francis Pott, Patrick Gowers, Sir John Tavener e Philip Wilby. Anteriormente, Hill foi Mestre de Música nas catedrais de Winchester e Westminster, Director de Música dos Waynflete Singers, Director Artístico da Philharmonia Chorus e Director Musical no St. John's College, Cambridge.





Venres 8, 20:30 h
Igrexa USC

Yale Schola Cantorum

David Hill, director principal
Masaaki Suzuki, principal director invitado

Joby Talbot (Londres, 1971)
Path of Miracles (2005)
Roncesvalles – Burgos – León – Santiago

Yale INSTITUTE OF SACRED MUSIC



Rafael Yebra, saxofón

Despois de estudar nos Conservatorios de Ourense e A Coruña co profesor Narciso Pillo, participa no Seminario de Saxofón Contemporáneo da Escola de Altos Estudos co saxofonista A. Gomis e amplía a súa formación con J. M. Londeix e M. B. Charrier. Rafael Yebra foi vicedirector e director do Conservatorio Superior de Música de Vigo, é profesor de saxofón en dito conservatorio e ten impartido clases maxistras e concertos dentro do programa Erasmus en diferentes universidades e conservatorios superiores de música de Europa: Roma, Viena, Bruxelas, Thesalonica, Lisboa e París. Paralelamente a súa actividade docente como profesor de saxofón, dirixe e coordina o ciclo Saxornadas, é profesor residente da Aula Internacional de Saxofón e realiza concertos como solista, con Múltipleensemble, Ensemble de saxofóns S@x 21, TAC, Orquestra Sinfónica Vigo 430, Real Filharmonía de Galicia e Orquestra Sinfónica Cidade de Pontevedra. Na súa aposta pola música actual estrea obras de Jacobo Gaspar, María García-Mendoza, Luís Carro, Pablo Beltrán, Fernando Buide, Jesús González, Eduardo Soutullo, Eckart Beinke, José Luís Campana, Helmut Oehring e Christophe Havel. No ano 2009 crea o colectivo Múltipleensemble, presentado por primeira vez no Festival *Are More* de Vigo nun ciclo monográfico adicado ao compositor alemán K. Stockhausen en colaboración co Goethe Institut de Madrid e o colectivo Al-ga de Vigo. Con Múltipleensemble estrea e dirixe en 2012 o espectáculo multidisciplinar *Visións Sonoras* sobre o Lérez patrocinado polo Concello de Pontevedra con motivo do día europeo da música. No ano 2008 participa na gravación da obra *Miniatura Mantis* da compositora María García-Mendoza patrocinado pola fundación Cuña-Casasbellas de Pontevedra, en 2010 grava *Locus Amoenus* para saxofón barítono e electrónica do compositor Antonio Rocha para o ciclo XV da Asociación Galega de Compositores e en 2015 participa xunto á Real Filharmonía de Galicia na primeira gravación mundial para o selo discográfico Naxos da obra *Guitar* para orquestra do compositor suízo Frank Martin. Na actualidade está a traballar en diferentes proxectos nos que intenta conxugar a música clásica actual (contemporánea) co rock, jazz e outros estilos populares nun intento de conciliar ao público xeral coa música actual e popular de xeito que nos permita gozar da realidade sonora que estamos a vivir.





Mércores 13, 20:30 h
Igrexa da Universidade

Rafael Yebra, saxofón

Saxofón en galego

Luis Carro (1957)
When all is lost (2017)
saxofón soprano

Juan Eiras (1977)
Diacronías I (2015)
saxofón barítono

Pablo Beltrán (1970)
Laberinto (2012)
saxofón soprano electrónica e vídeo

Jesús González (1965)
*Señales-trumpet** (2010–2018)
saxofón soprano

Luis Carro (1957)
Ictus (2018)
saxofón alto

Jacobo Gaspar (Mos, 1975)
Rumor de frío II (2016)
saxofón barítono

* Estrea versión para saxofón soprano só.



Fernando Buide

(Santiago de Compostela, 1980). A música de Buide ten sido programada por gran parte das principais orquestras españolas (Euskadi, Bilbao, Navarra, Sinfónica de Madrid, ORCAM, RTVE, Tenerife, JONDE, Gran Canaria, Asturias...) así como outras estranxeiras como a Sinfónica de Pittsburgh ou Minnesota. Traballou con directores como Osmo Vänskä, Libor Pěšek, Dima Slobodeniouk, Pablo González, Martínez Izquierdo, José Ramón Encinar, Miguel Hart-Bedoya ou Lorenzo Viotti; particularmente estreita é a súa relación co mestre Paul Daniel, quen dirixiu ata catro estreas absolutas do autor. Doutor pola Universidade de Yale, Buide estudou tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh así como nos conservatorios de Santiago e Oviedo, onde se formou como compositor, pianista e organista. Entre os seus mestres de composición destacan Leonardo Balada, Martin Bresnick ou Aaron Kernis. Buide foi compositor en residencia na Real Academia de España en Roma. Entre outros premios recibiu o AEOS-BBVA na súa sétima edición ou o premio Michael Friedmann de investigación da Universidade de Yale.

Jose Vicente Faus

Faus é timbal da Real Filharmonía de Galicia, profesor da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, membro do TAC e do dúo de música contemporáneo COLLOQUY para saxo e percusión, co que obtiveron o diploma honorífico no Torneo Internacional de Música de Zaragoza.

Foi membro do grupo de percusión de Zaragoza Per-secusión Ensemble. Como invitado, entre outras, actúa coas orquestras do Principado de Asturias, Ciudad de Oviedo, Sinfónica de Castilla y León, Sinfónica de Castellón, Ciudad de Granada, Orquesta Sinfónica de Sevilla, Sinfónica de Bilbao, Ciutat de Barcelona i Nacional de Catalunya, de Cadaqués e Grupo Enigma Zaragoza. Foi profesor do Conservatorio Profesional de Música de La Rioja así como na Joven Orquesta de Cataluña e Orquesta Joven de Andalucía. Ten realizado clases maxistras e cursos de percusión en España. Protagonizou a estrea coa RFG en España do *Concerto for Flute, Percussion and String Orchestra* de Daniel Schnyder.

Pablo del Valle Prieto

(Vilalba – Lugo, 1991). Estuda o grao profesional no Conservatorio Xoan Montes de Lugo con Diego Ventoso e Javier A. Gómez. En 2017 obtén o título superior polo Conservatorio Superior da Coruña con matrícula de honra con Pilar G. Ríos. Durante a súa formación asiste a clases maxistras con Markus Leeson, Lorenzo Ferrándiz, Romain Kuonen, Nuno Aroso, César Peris (CSMA) Guido Rüeckel (Filharmonía de Múnic), Nick Woud (Royal Concertgebouw). É solista da Banda de Música de Ferrol e membro da Orquestra Gaos da Coruña. No eido

Xoves 14, 20:30 h
Sala Mozart. Auditorio de Galicia

José Vicente Faus, Fernando Buide del Real e alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais.

Martin Bresnick (1946)

Caprichos Enfáticos

- I. Farándula simple
- II. Farándula de charlatanes
- III. Estragos de la guerra
- VI. Extraña devoción!

John Bergamo (1940–2013)

Piru Bole (1986)

John Cage (1912–1992)

Living Room (1940)

Anónimo del Códice Calixtino (S. XII)

Dum pater familias (arranxo de Fernando Buide)

Steve Reich (1936)

Clapping Music (1972)

Fernando Buide (1980)

O pulso da fala (2018)

Martin Bresnick

Caprichos enfáticos

VIII. Farándula doble

camarístico é membro do dúo para clarinete e percusión co que participou no IV Ciclo de Música Contemporánea de Lugo MIHL SONS XXI. Na actualidade é profesor do Conservatorio do Liceo La Paz da Coruña e das Escolas de Música de Vilalba e Burela.

Marta Rodríguez Figueirido

(Ourense, 1988). Na súa cidade remata o grao profesional co Premio de Fin de Grao. Entre 2008 e 2011 estudia na EAEM con J. V. Faus e, desde 2009 a 2015 é membro da OJSG onde recibe clases dos percusionistas da OSG, especialmente de Alejandro Sanz, o seu profesor desde os 16 anos. Realiza os seus estudos superiores no COSMAC e na Universidade do Minho (Braga) co percusionista Nuno Aroso, con quen acada a Licenciatura de percusión coa máxima cualificación no seu recital final, e, dous anos máis tarde conclúe o Mestrado de Ensino en Música tras defender a súa tese: "Aplicación de Metodoloxías do deporte con balón na aprendizaxe da percusión: Fútbol Sala e Percusión". Tese na que xunta a súa outra paixón, xa que é deportista de alto nivel,

xogadora internacional de fútbol sala de Primeira División no Ourense Envialia. Actualmente está estudando o curso de posgrao Curso Avanzado de Especialización Orquestral en Santiago de Compostela e integra xunto con Sabela Caridad o dúo de percusión Dúas, tamén é percusionista en Herdeiras e colabora coa OSG nalgúns programas.

Sergio Suárez Lodeiro

Comeza os seus estudos de percusión co profesor Gustavo Pazos, para continualos no conservatorio profesional de Santiago de Compostela cos profesores Juan Collazo e Ton Risco. Actualmente cursa o último curso no conservatorio superior da Coruña co profesor Luis Sobrevela, e ao mesmo tempo recibe clases na EAEM co profesor J. V. Faus. Colaborou coa Joven Orquesta de Barcelona, Joven Orquesta de Málaga, Orquesta Gaos e Orquesta da EAEM entre outras. Ademais compaxina os seus estudos de percusión cos estudos de dirección no Conservatorio Superior da Coruña e da clase de percusión en diversas escolas de música.

Nicasio Gradaille

Afincado en Vigo onde é profesor no Conservatorio Superior de Música, é pianista e membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) de Santiago de Compostela. Doutor pola Universidade de Vigo cunha Tese sobre o *Concert for Piano* de John Cage de quen gravou para a Radio Galega as súas *Sonatas and Interludes*, impartiu seminarios sobre a súa obra para piano en diversos conservatorios europeos: Gante, Leeds, Viena, Aveiro ou Londres (Royal College of Music). Interesado na música contemporánea, participou nos festivais Via Stellae (Santiago de Compostela), Semana do Corpus (Lugo), Espazos Sonoros (Ourense, Vigo, Sada), Semana de Música Religiosa

(Cuenca) ou Festival Internacional de Música y Danza (Granada). Gradaille foi galardoado co Primeiro Premio no Concurso Internacional Xavier Montsalvatge (Música para Piano do Século XX) de Girona e no Concurso Nacional Gregorio Baudot de Ferrol. Estudou no Conservatorio Superior de Música de Coruña, con Natalia Lamas, no Conservatorio Profesional de Vilaseca con Cecilio Tiele e na Musik-Akademie der Stadt Basel (Basilea, Suíza), con Peter Efler. Tamén recibiu clases en Santiago de Compostela con Martín Millán. Colabora frecuentemente coa Real Filharmonía de Galicia.



XORNADA DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2018

Mércores 20, 19:30 h
CGAC

Conferencia Nicasio Gradaille

A visión para piano de John Cage (1912–1992)

Javier Otero, piano

Javier Otero Neira mergúllese con éxito e admirable refinamento no universo do Impromptu, a través de páxinas de Chopin, Schubert e Fauré. Un valor a considerar.
Justo Romero – Revista Scherzo

Javier Otero forma parte dunha nova xeración de pianistas novos españois con proxección nacional e internacional. Inicia os seus estudos musicais na súa vila natal (A Estrada – Pontevedra). Formado cos pianistas Nicasio Gradaille e Ángel González, trasládase ao Real Conservatorio Superior de Música de Madrid para cursar os seus estudos superiores coa catedrática Almudena Cano. Gañador de premios en concursos nacionais e internacionais, destaca o Primeiro Premio no Concurso Internacional de Piano Blüthner (Alemaña). Actuou en directo para Radio Clásica e participou en gravacións para a televisión de Croacia, TVE e TVG. Especialmente

destacables foron as súas interpretacións na Fundación Juan March (Madrid), o Instituto Cervantes de Toquio e dentro do ciclo de pianistas 'Ángel Brage' do Auditorio de Galicia, sendo o primeiro pianista español convidado; tamén foi o primeiro pianista galego en realizar unha xira coa Real Filharmonía de Galicia. Conta con dous traballos discográficos: *Impromptus* (2015) e *Galician Folk Songs* (2016), xurdido da creación dun concurso de composición de obras para piano só con temática galega. No seu achegamento a diferentes músicas, iniciou hai uns anos un proxecto co pianista de jazz Abe Rábade *Dúas visións a Dous pianos*. Ademais de intérprete, é o director artístico do Festival Piano Meeting, que celebrou a súa primeira edición no 2017 en Ourense.

Mércores 20, 21:30 h
Praza de Cervantes

Javier Otero Neira, piano

Silent Wifi music experience

Octavio Vázquez (1972)
Preludios (selección) (2001)
Galician Folk Dances (selección)

María Mendoza (1975)
Tres Cantigas: Ondas do mar de Vigo,
Mandad'ei, Mha irmana fremosa (2013)

Claude Debussy (1862–1918)
Claro de Luna (1890)

Arvo Pärt (1935)
Paratita op. 2. Larghetto (1959)
Variationen zur Gesundheit von
Arinuschka (1977)

Einojuhani Rautavaara (1928– 2016)
Estudios Op 42 (1969)
Tritonukset – Terssit –
Sekunnit – Kvartit

Alberto Ginastera (1916 –1983)
Suite de Danzas Criollas op. 15 (1946)
Adagietto pianissimo – Allegro
rustico – Allegretto cantábile –
Calmo e poético – Scherzando –
Coda: presto ed energico

Un concerto anovador, unha experiencia multisensorial suxestiva e íntima, unha viaxe cun piano silencioso... No silencio da noiteña, un piano de cola Yamaha equipado coa novidosa tecnoloxía Silent, audible a través de auriculares wifi, ofrecerá unha experiencia única para o público, que poderá percorrer libremente polo espazo nun radio de 500 metros inmerso nun microcosmos auditivo.





Xoves 21, 20:30 h
Sala Ángel Brage. Auditorio de Galicia

Banda Municipal de Música de A Coruña **Banda Municipal de Música de Santiago** **de Compostela**

Juan José Ocón e Casiaño Mouriño, directores

Aniversarios.

Concerto conmemorativo dos 170 anos da BMSC e dos 70 anos da BMMC

I
Ferrer Ferrán (1966)
The Great Spirit (El Gaudir del Geni)
Sinfonía núm. 3 (2005)
Gaudí – Sagrada Familia

II
Simón Couceiro (1973)
*Aniversarios** (2018)
James Barnes (1949)
Eight Symphony "for Wangen"
op. 148 (2015)
Andante – Scherzo –
Romanza – Final

* Estrea absoluta

Banda Municipal de Música de Santiago

Nace en 1848 como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio. Foi agrupación de afeccionados ata 1876 cando o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse redactándose un regulamento para o seu funcionamento. Actualmente realiza os seus concertos no Teatro Principal e na Rúa do Vilar, praza da Quintana, Alameda e outros lugares da cidade na temporada de verán. Ten o seu local de ensaios e arquivo no Auditorio de Galicia e dentro do seu traballo cotián segue enriquecendo ás súas interpretacións que van do pasodobre ao repertorio sinfónico, pasando pola música tradicional e numerosas transcricións de obras clásicas de compositores de toda as épocas e obras específicas para banda de compositores actuais, en especial de compositores galegos. Centra a súa actividade na programación da temporada cos ciclos de outono, inverno, primavera e verán, concertos sinfónicos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia de outubro a maio, con numerosos directores e solistas invitados ademais de realizar colaboracións co CMUS de Santiago, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago, Cantorum Compostellana Coniuntio, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Brincadeira, Tequexetéldere, entre outros; concertos didácticos para os colexios de Santiago e comarca, interpretando: *Pedro e o Lobo*; *A Burra Ramona*, con narración de Paula Carbalreira; *A Boliña de Pan*, con narración Celso Fernández; *Concerto Singular* con Píscore; *Peer Gynt*; *A Frauta Máxica* ou *West Side Story* con Viravolta Titeres, por citar algún. Participa nos actos organizados polo Concello como a Ofrenda ao Apóstolo Santiago, entrega de medallas da Xunta de Galicia, procesións de Semana Santa, Feira do Libro ou Festas da Ascensión. Na temporada de verán, participa cunha programación especial no mes de xullo, un ciclo de concertos polos distintos barrios da cidade con motivo da celebración das súas festas, e como non os xoves pola tarde, os concertos na Praza das Praterías, onde a Banda deleita coas súas actuacións aos composteláns

e a milleiros de visitantes de todas partes do mundo que visitan Santiago de Compostela nesas datas.

Banda Municipal de Música de A Coruña

En 1947 e por iniciativa do concelleiro Antonio López Prado creouse a Banda-Orquestra Municipal de A Coruña cuxo primeiro concerto público foi dirixido por Rodrigo A. de Santiago o 26 de xullo de 1948 no Teatro Rosalía Castro. A Banda nacia como unha colectividade completa en si mesma e a Orquestra se compoñía dos vinte cinco arcos máis outros tantos intérpretes de vento e percusión pertencentes á Banda, que desdobraban as súas funcións cando a agrupación sinfónica realizaba os seus concertos. A Banda permaneceu no tempo, adquiriu un notable repertorio e afianzouse como unha das colectividades de maior categoría artística en España dentro do xénero.

Tivo ao fronte catro músicos como directores: o primeiro titular, o compositor, tratadista e folclorista Rodrigo A. de Santiago, creou un corpo de executantes de gran nivel artístico e consolidou, en vinte anos, un amplo repertorio. Foi substituído polo compositor Rogelio Groba con quen a Banda ampliou considerablemente o seu repertorio mantendo a mesma liña de categoría artística. En 1991, fíxose cargo da dirección Indalecio Fernández Groba que, na liña dos seus antecesores, innovou no repertorio e contratou instrumentistas de alto nivel. No ano 2005, tras a xubilación de Fernández Groba, o Concello contrata ao holandés Marcel van Bree. O repertorio da Banda Municipal de A Coruña vai dende os compositores clásicos ata a música cinematográfica, jazz... Dentro do ámbito sinfónico, ten en repertorio excelentes transcricións de obras tan significativas como as oito primeiras sinfonías de Beethoven, *Carmina Burana* de C. Orff, *O paxaro de lume* de Stravinski, *Pedro e o lobo* de Prokofiev, *a Incompleta* de Schubert, *a Fantástica* de Berlioz, *a do Nuevo Mundo* de Dvorak, *Peer Gynt* e *Danzas Noruegas* de Grieg ademais

doutras de Franck, Brahms, Mendelssohn, Rimski-Korsakov, Chaikovski, Moussorgski, Liszt, Smetana, Sibelius, Ravel, Albéniz, etc. Así mesmo da a coñecer o actual repertorio sinfónico escrito para banda, de autores como de Meij, Reed, Groba, H. Karel, Sparke, Waignein, Amando Blanquer... Dende 2017 o seu director titular é Juan José Ocón.

Juan José Ocón, director

Músico e director de orquestra, nace en Donostia en 1968. Ten traballado como director invitado na Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, Orquestra Filarmónica de Moravia, Orquestra Nacional de Letonia, Orquestra Sinfónica de Euskadi, Orquestra de Les Arts, Orquestra Sinfónica de Las Palmas, Orquestra Sinfónica de Bilbao, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Filarmónica de Bratislava, Orquestra de la Radio de Bratislava, Banda Municipal de A Coruña, Banda Municipal de Bilbao, Orfeón Donostiarra e moitas outras agrupacións. En setembro de 2000 foi nomeado Director Artístico Titular da EGO (Joven Orquestra de Euskal Herria-Euskal Herriko Gazte Orkestra). Actualmente é director Artístico Titular da Banda Municipal da Coruña. No presente ano gravou unha ópera co selo de Deutsche Grammophon. Posúe a medalla ao mérito cidadán da súa cidade Donostia.

Casiano Mouriño Maquieira, director

Estuda nos Conservatorios Superiores de Música de Vigo, Santiago de Compostela e Joaquín Rodrigo de Valencia cos mestres Manuel Galduf Verdeguez, José Vereá Montero e Antón García Abril. En 1987 gaña por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e no 2000, a praza de segundo director da mesma, e de director dende xaneiro de 2007 ata outubro do 2009. Asiste a cursos de dirección de orquestra, composición, banda e coro con destacados mestres como H. Rilling, Galduf Verdeguez, García Asensio, García Abril, Magnus Lindberg, Jean Pennnigs, Jean Marie

Londeix, Andrés Gomis, James Ross, Bernardo Adam Ferrero, José Rafael Pascual-Vilaplana, Henrie Adams, José Susi López, Juan María Esteban, Pier Paolo Scattolin, Injoo Joo, Ana María Navarrete, Johan de Meij, etc... Ten impartido cursos na E. M. de Música Padrón, Negreira, Paradela-Meis, Bandeira e nos Conservatorios de Santiago de Compostela e de Vilagarcía. É autor de *Divertimento para orquestra*, *Vertula*, *Alfaia*, *San Lorenzo de Nogueira*, *Inquedanzas* para Banda Sinfónica, *Metamorfosium* (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), *Saxofonía* e *Anamnese* (banda sonora da curtametraxe de Leticia Prieto). Realizou transcrições para banda sinfónica como *Cadros dunha Exposición* e *Unha noite no Monte Pelado* de Moussorgski, *As Travesuras de Till Strauss* e *Metamorfoses Sinfónicas* de Hindemith e ademais de instrumentacións de obras para banda. Dirixiu a RFG no concerto conmemorativo do 170 aniversario da Banda de Santiago de Compostela, no primeira actuación conxunta de ambas, a solistas como Alexander Gold, Laura Alonso, Carmen Subrido, Gabriel Alonso, Miguel Borralló, Idoris Duarte, Rosa Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, Uxía Senlle, Emilio Rúa, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Tequexeteldere, Brincadeira, Coral Polifónica Xuntanza de Meis, Coral Polifónica de Barro, Coro Santa María de Paradela, Cantorum Compostellana Coniunctio, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago realizando diversas obras do repertorio sinfónico-coral como *O Mesías* de Haendel, *Carmina Burana* de Orff, varias bandas galegas, e a Banda de Música da Vertula coa que acadou varios primeiros premios en distintos certames. Ten estreado obras propias e doutros compositores como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, Amador Santos, entre outros. Na actualidade, é Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Vox Stellae

Nace en 2003 con motivo dunha conferencia do musicólogo José López Calo sobre a música na Catedral de Santiago. Un dos seus sinais de identidade é a difusión da música galega, tanto a dos arquivos das catedrais como a creación contemporánea e a música popular. Ofrece concertos regularmente por toda a xeografía galega, participou en actos institucionais e interpretou o seu programa didáctico O rodaballo con botas ante máis de 2000 escolares. Ten actuado en diversas tempadas de abono e festivais: Vía Stellae, Espazos Sonoros, De lugares e Órganos, Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, Semana de Música de La Laguna, Outono dos sentidos na Ribeira Sacra, Festival Provincia de Palencia, Ciclo de Música Sacra de Castilla y León, Jornadas Jacobaeas Internacionales, Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera, Festival de Música Religiosa de Guimarães... Vox Stellae colabora con agrupacións e solistas como a Orquesta de Cámara de Tenerife, Orquesta de Cámara Galega, Finis Terrae Brass, Os Menestres de 1500, Taller Atlántico Contemporáneo, Cristina Pato, Joaquín Barreira, Manuel Vilas, Juan Manuel Varela, Fernando Buide, Uxía Senlle, Joao Afonso ou o dramaturgo Maximino Queizán. Entre o seu amplo repertorio destacan a estrea absoluta de *Tres Imaxes de Compostela* (M. Mato), a estrea en España da *Misa en Sol* a Santiago de Compostela (A. Tucapsky), as reestreas da *Misa en Do M* (Frei R. Salvado) e a *Missa Voce Mea* (C. de Medrano) ou a estrea en Galicia de *Rothko Chapel* (M. Feldman). Dentro do proxecto de recuperación do patrimonio musical da Catedral de Tui, editou dous discos con música de Matías García Benayas (+1737) e outros autores do arquivo tudense: *Defensor alme Hispaniae*

(2013), que recibiu o Melómano de Ouro (outubro 2015) e *Salvete Flores* (2016).

Nin que dicir ten, que o labor do coro de cámara compostelán Vox Stellae na gravación do disco, é impoluta. Bruno Díaz, Atlántico Diario.

A interpretación vocal e instrumental son sinxelamente impecables, á altura de calquera ensemble internacional. Pablo F. Cantalapiedra, Melómano

Luís Martínez. Director

Nado en Vigo, estudou Piano e Linguaxe Musical nos conservatorios de Santiago e Vigo. É Mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagogía pola USC. Asistiu a aulas de perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Pier Paolo Scattolin, Daniel Vega, Owen Reese, Peter Philips, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. Carlos Rodilla, J. López Calo, Carmen Cruz ou Mercedes Padilla. É membro do Orfeón Terra a Nosa e a Capela da Catedral de Santiago, agrupacións coas que participou como solista en múltiples concertos e rexistros discográficos. Colabora con agrupacións como Capela Compostelana, Capilla de Extravagantes, Capela Lauda Sion, Grupo Siglo XX ou Hércules Brass. Como actor e recitador interpretou a *Historia do Soldado* (I. Stravinsky) e participou na estrea absoluta de *Enigmas de la temporalidad* (J. Vara) coa Real Filharmonía de Galicia. No eido da musicoloxía, colabora con Xoán Trillo na edición da música do arquivo da Catedral de Tui.



Venres 22, 20:30 h
Igrexa da Universidade

Vox Stellae

Luís Martínez, director

Espiritualidade con voz de muller

Hildegard Von Bingen (1098–1179)
O Virtus Sapientiae

Cheryl Lynn Helm (1957)
O Virtus Sapientiae

Sylvia E. Hazlerig (1934)
Solemn Duet núm. 1

Natalie Goossens (1976)
O Sacrum Convivium

Mary Simoni (1954)
Suíte para violín só

Carlotta Ferrari (1975)
Judas Mercator Pessimus

Iva Juras (1968)
Lapidabant Stephanum

Sylvia E. Hazlerig (1934)
Solemn Duet núm. 2

Tui St. George Tucker (1934–2004)
De Profundis núm. 1,2,3
Christus Jesus Splendor Patris
Venite Exsultemus

*Todas as obras estrea en España.

Sopranos: Aida Cruz, Aida López, Sara Moreno, Malena Pazos
Altos: Mariola González, Óscar Mato, Ana Pazos
Tenores: Chema Ares, Daniel Canosa, Marcos Mato
Baixos: Francisco Alonso, Pablo Nieves, Felipe Sar
Violín: Javier Ucha
Violonchelo: Daniel Canosa
Trompeta: Ana Pazos



ENRIQUE X. MACÍAS

Itinerario de luz
(Soneto musical) Encuentro de C.G.A.C.
Estrofas
(Soneto musical) da versión integral
La chambre dans l'espace
 London Sinfonietta / Mark Foster, dir. / Pierre Strauch, violoncello / Miguel Argüme, asistente musical

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
 13 de abril de 1995 ás 20.00 h. conferencia-coloquio / 15 de abril de 1995 ás 20.00 h. concerto.
 Santiago de Compostela

20/98

Imaxe:
Manuel
Suárez

Luns 25
CGAC

19:00 h

60 aniversario Enrique X. Macías (1958 – 1995)
Macías e Portugal: unha ollada próxima

Manolo Romón, actor, presentador e escritor
Pedro Amaral, compositor e director de orquestra
Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías
Modera: Paco Yáñez, crítico de Mundoclásico

20:30 h

Vertixe Sonora
Pedro Amaral, director

Itinerario de Luz

I

*Adhuc** (1992/93)
clarinete, trompa, vibráfono, sintetizador,
violín, violonchelo

Cadencias e Interludios /Percurso I (1992)
piano só e electrónica en tempo real

II

Itinerario de Luz (1994/95)
fautra, clarinete, trompa, violín, viola,
violonchelo, electrónica en tempo real

Co apoio do Centro de Investigación &
Información da Música Portuguesa – MIC.PT

Clara Saleiro fautra / Daniel Veiga clarinete / Jorge Fuentes trompa / Mario Peris violin / Iriana Fernández viola / Aílsa Lewin violonchelo / Haruna Takebe sintetizador / David Durán piano / Diego Ventoso vibráfono / Ángel Faraldo electrónica



Vertixe Sonora

Desde a súa aparición no 2010, Vertixe Sonora converteuse nun verdadeiro revulsivo da sociedade española. A súa estrea permanente de novas obras permite a Galicia participar na creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración de compositores internacionais que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e nun estado de convulsión permanente, na busca da excelencia artística. Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema cultural europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. Os ciclos Música e a Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música contemporánea, a ciencia, a arte e o pensamento) e MIHLsons, na cidade de Lugo, ou o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora, son algunhas das contribucións que están a renovar a audiencia musical en Galicia. Premio Martín Codax 2016 de Música clásica contemporánea, ten realizado máis de 100 estreos absolutos de compositores de todo o mundo. En España levou o seu repertorio á Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositors en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, Festival MIXTUR de Barcelona como ensemble residente ou como ensemble residente no XXVII Fundación Premio Jóvenes Compositores SGAE–CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional do Centro de Arte Reina Sofía. O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente no Festival Oh Ton de Oldenburg (Alemania), Festival Electr()ction de Brest (Francia), Levande Musik en Goteborg e Samtida Musik de Estocolmo (Suecia), Festival Síntesis en Guarda e Castelo Branco (Portugal), Festival de Música Nova de Monterrey (México) ou CSUF New Music Series, Meng Fall Fullerton, California (EE.UU.). Durante o próximo mes de xullo será ensemble

residente do Festival Soundscape de Cesena (Italia). A súa labor foi recollida no documental Correspondencias sonoras (2013), do cineasta Manuel del Río. Editado en CD o concerto do XXVII Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE–CNDM 2016, gravou recentemente para WERGO o ciclo *Die Wanderung* da compositora Lula Romero.

Pedro Amaral (Lisboa, 1972)

Comezou en 1986 os seus estudos en composición con Fernando Lopes–Graça. Asistiu ao Instituto Gregoriano de Lisboa e logo á Escola Superior de Música de Lisboa, onde se graduou baixo a dirección de Christopher Bochmann (1994). En Francia, dirixido por Emmanuel Nunes, licenciouse co Primeiro Premio en Composición por unanimidade do xurado no Conservatorio Nacional de Música de París (1998). Na mesma cidade obtivo un Máster e un Doutoramento en Musicoloxía Contemporánea na Escola de Estudos Altos en Ciencias Sociais (2003). Estudou dirección de orquestra con Peter Eötvös e Emilio Pomarico e foi asistente de Karlheinz Stockhausen en diversos proxectos. Profesor Auxiliar da Universidade de Évora desde 2007 e Membro da Academia de Belas Artes desde 2017, Pedro Amaral é autor de diversas obras, entre elas "Transmutationss para Orquestra" e as óperas "O Sonho" e Beaumarchais ". En 2004 obtivo o Prix de Rome, e foi compositor residente no Herrenhaus Edenkoben, na Villa Medici (Roma) e no Palazzo Lenzi (Florenza). Traballa regularmente con numerosas orquestras, coros e ensembles, como profesor e compositor, en Portugal e no estranxeiro. Foi Mestre Titular da Orquestra do Conservatorio Nacional (2007/08) e do Sond'Arte Electric Ensemble (2007/2010). En 2013 foi nomeado Director Artístico da AMEC/Metropolitana, acumulando estas funcións, a partir de 2018, con as de Mestre Titular da Orquestra Metropolitana de Lisboa.

O CGAC foi dende a súa fundación en 1993 unha institución pioneira en España ao integrar no seu organigrama un Departamento de música, co obxectivo de difundir a música contemporánea, apoiar a creación e a investigación musical en Galicia e establecer vínculos coas prácticas visuais, seguindo o exemplo do IRCAM (*Institut de Recherche et Coordination Acoustique/Musique*) vinculado organicamente ao Centre Pompidou de París e creado por Pierre Boulez. O departamento, dirixido por Manuel Rodeiro, desenvolveu até 1998, un activo programa de concertos e actividades, e entre elas realizáronse diversos encargos de pezas a compositores para estrealas no auditorio do CGAC. En decembro de 1994 formalizase un acordo entre Enrique X. Macías e o CGAC, dirixido entón por Antón Pulido, polo que se lle encarga unha obra e se plantexa un concerto de estrea e a gravación dun CD. A peza *Itinerario de luz* (1994-95), encomenda do CGAC, estrease e pecha un concerto cuxo programa inclúe *Chambre dans l'espace* (1992-93), a petición do Centro para la difusión de la música contemporánea e *Estrofas* (1993-95), tamén encomenda do pintor Amando

González. O concerto celébrase no auditorio do CGAC o sábado 15 de abril de 1995, interpretado pola London Sinfonietta dirixida por Mark Foster e coa participación de Pierre Strauch ao violonchelo e Miguel Azguime encargado do son electrónico.

Se ben procedeuse a efectuar a gravación de *Itinerario de luz*, o proxecto de CD víuse frustrado coa prematura morte ese mesmo ano do compositor, que contaba con 37 anos. Anos despois, en 2008, esa gravación foi utilizada nun dobre CD editado por Miso Records e apoiado pola Xunta de Galicia, que reúne un importante conxunto de traballos do compositor.

Santiago Olmo García

Director do CGAC
Maio 2018

Dúo Finisterrae

O dúo de frauta e arpa Finisterrae nace en 2008 na Hochschule für Musik Detmold, en Alemaña, onde André e Bleuenn completan os seus estudos superiores. A súa formación musical lévaos a estudar nos conservatorios de Santiago de Compostela, Salamanca, San Sebastián, París e Frankfurt cos profesores máis prestixiosos do panorama musical actual. Ambos forman parte da JONDE (Joven Orquesta Nacional de España) e da GMJO (Gustav Mahler Jugendorchester) o que lles dá a oportunidade de tocar nas salas de concertos europeas máis importantes (Musikverein de Viena, Royal Albert Hall de Londres, Teatro San Carlo de Nápoles, Concertgebouw de Ámsterdam ou Tonhalle de Zúrich). Así mesmo, tocan con frecuencia nas orquestras de Galicia, Castilla y León, Euskadi, Cataluña, Canarias, Liverpool e nas óperas de Frankfurt, Dresden e Barcelona. O dúo ten participado en diferentes festivais en Francia, Alemaña, Suíza e España (Via Stellae, Portos Xacobeos, Festival de Segovia, Música en Compostela, Festival de Musique Classique de Montreux). En 2010 foron seleccionados polo INJUVE para realizar numerosos concertos por toda España. En 2015, participan no Concurso Internacional de Música de Cámara Antón García Abril, do que reciben o Terceiro Premio ex aequo, así como o premio pola mellor interpretación dunha obra de A. García Abril pola obra Tres vuelos. Nese mesmo ano foron premiados no ciclo El Primer Auditorio da Fundación Più Mosso, A súa faceta como intérpretes non se limita á formación de dúo, senón que é habitual escoitalos con outro

tipo de agrupacións como é o caso do trío de frauta, viola e arpa ou o Natalia Ensemble. Así mesmo, André e Bleuenn coa colaboración do clarinetista Angelo Montanaro e baixo a dirección escénica de Ana Vallés, son os protagonistas de Otra noche en la Ópera un espectáculo músico-teatral, onde asumen un labor máis didáctico co obxectivo de achegar a música clásica a todo tipo de público. Na actualidade, Bleuenn e André compaxinan a súa actividade concertística coa docencia no Conservatorio Superior de A Coruña e a Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela a primeira e no Conservatorio Superior de Música de Aragón, o segundo.



Martes 26, 20:30 h
Sala Mozart. Auditorio
de Galicia

Duo Finisterrae

Bleuenn Le Friec, harpa
André Cebrián, frauta

Duo Finisterrae. 10 anos de música

I
Manuel López Jorge (1983)
Jakobsland (2012)

Fernando Buide (1980)
Tres Visións (2009)

Toru Takemitsu (1930–1996)
Towards the Sea III (1989)
The Night – Moby Dick – Cape Cod

II
Antón García– Abril (1933)
Tres Vuelos (2013)

Pablo Labián (1991)
Don't shout at me (2015)

Vincent Persichetti (1915–1987)
Sérénade nº10, op 79 (1957)



Fernando Buide

(Santiago de Compostela, 1980). A música de Buide ten sido programada por gran parte das principais orquestras españolas (Euskadi, Bilbao, Navarra, Sinfónica de Madrid, ORCAM, RTVE, Tenerife, JONDE, Gran Canaria, Asturias...) así como outras estranxeiras como a Sinfónica de Pittsburgh ou Minnesota. Traballou con directores como Osmo Vänska, Libor Pések, Dima Slobodeniouk, Pablo González, Martínez Izquierdo, José Ramón Encinar, Miguel Hart-Bedoya ou Lorenzo Viotti; particularmente estreita é a súa relación co mestre Paul Daniel, quen dirixiu ata catro estreos absolutos do autor. Doutor pola Universidade de Yale, Buide estudou tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh así como nos conservatorios de Santiago e Oviedo, onde se formou como compositor, pianista e organista. Entre os seus mestres de composición destacan Leonardo Balada, Martin Bresnick ou Aaron Kernis. Buide foi compositor en residencia na Real Academia de España en Roma. Entre outros premios recibiu o AEOS-BBVA na súa sétima edición ou o premio Michael Friedmann de investigación da Universidade de Yale.

Entre os seus vindeiros proxectos figura a estreos dunha ópera escrita en colaboración co dramaturgo Fernando Epelde coa orquestra Real Filharmonía de Galicia e o mecenado da bolsa Lenardo da Fundación BBVA.

Fernando Epelde

(Ourense, 1980). O seu labor como escritor e dramaturgo inclúe, xeralmente, o vínculo con outras disciplinas como a música, o cine ou a performance. A súa obra caracterízase por un certo grao de experimentación formal, moi influído pola edición de vídeo. A fragmentación é unha clave do seu traballo, con un especial mimo polas circunstancias dos seus personaxes. No conxunto da súa obra prima a poesía por riba do experimento, cunha visión política moi definida e un forte vínculo co presente. Abundan entre as súas pezas formatos novidosos con características especiais (pezas con documentación videográfica, anotacións, voces locais, xogos sobre o papel... blogs indexados... etc). Ademais, Fernando traballou en dúas ocasións en montaxes enfocados cara ao teatro comunitario: *Don Juan* de Voadora Teatro (Un espectáculo protagonizado por



Mércores 27, 20:30 h
Paraninfo da Universidade

Fernando Buide, compositor Fernando Epelde, dramaturgo

Buscando a Clío: achegando linguaxes para unha ópera contemporánea.

persoas maiores) e *Garage*, interpretado por mulleres traballadoras das fábricas de Peugeot en Montbéliard e Citroën en Galicia. Ten editados *En las ciudades grandes mueres solo* (Asociación Amigos del teatro de Marbella) e *Andrómenas soa moi antigo* (Diario Cultural – CRTVG), ambas en 2017; *O ouvido é un cazador de pantasmas* (Luzes) e *Crudo* (Fundación Autor/ III Laboratorio de Escritura Teatral), no 2016; *Street Art Symphony* (Iberescena), *La Guerra silenciosa* (CRTVG) e *Drone* (Fundación Autor), as tres no ano 2015; *Estado de Gracia* (Fundación Autor), 2014; Irene e Caixa Negra (RGT) en 2013 e 2012, respectivamente; *Usted no está aquí* (AECID) no 2011 e *Om, la música del Universo* (INJUVE). Acadou numerosos galardóns como o Premio do Certame de Radio Teatro Ciudad de

Marbella, Premio SGAE en 2012 e 2014, Premio Abrente, Premio Tirso de Molina e Premio Marqués de Bradomín ademais do Accésit Lope de Vega. Foi bolseiro e residente na Toji Cultural Foundation de Corea, no Laboratorio de Escritura Teatral Fundación Autor, Iberescena en Berlín, Bolseiro de Dramaturxias Innovadoras do INAEM, por citar algunhas. Entre os seus últimos traballos destacan: *Animales Drogados* coa dirección de Alejandra Féjerman; *Garage*, *Calypso* e a adaptación de *A Tempestade*, de Marta Pazos; *O mundo persistente* dirixido por Tito Asorey; *Om, la música del Universo* de La Trupe; *Walkie Talkie* coa dirección de Jana Pacheco e *Estado de Gracia*, dirixido por el mesmo. No cine participou en *Syd*, *Street Art Symphony*, *O val inquietante*, *Mapa de Recuerdos de Madrid* e *Remake Café Flesh*.

Pablo Reboleiro, Malabarista e artista de Pistacatro.

Cofundador, actor e director dalgúns dos proxectos da compañía Pistacatro Produtora de Soños S.L., pioneira en Galicia en crear, producir e distribuír espectáculos de novo circo e cabaré. Pablo Reboleiro é un artista contemporáneo multidisciplinar, formado na Circus Space de Londres na especialidade de malabares, en teatro na Escola de Espazo Aberto, e tamén con formación en danza. Xira por todo o mundo cos seus espectáculos, nos que mestura o circo, a danza e o teatro, sempre dende a base cómica e humana do pallaso. Este artista todoterreo afronta este novo proxecto como un universo único a explorar entre dous mundos nos que leva tempo traballando, como son o circo e a música; e con especial atención a que todo vaia da man dun dos máis grandes malabaristas contemporáneos que hai en Europa.

Manuel Otero Paino, dirección musical

Estuda trompeta na Escola de Música da Bandeira, da man de Luís González. Realiza os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Vigo e perfecciona os

con Xosé Ramos, Benjamin Moreno, Javier Simó, Hakan Hardenberger e Bó Nilsson. Realiza estudos de interpretación orquestral, becado na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, da man do solista da Real Filharmonía Javier Simó e Ramón Matser. Colaborador coa Banda Municipal de Santiago, Banda Municipal da Coruña, Banda Municipal de Pontevedra, Banda Filarmónica de Galicia, a Orquestra de Amigos da Ópera de Vigo e Orquestra Clásica de Granada. No eido do jazz estuda con Suso Atanes, Paco Charlín, Abe Rábade, Pablo Castañón e Chris Kase, colaborando con multitude de formacións. Forma parte dun gran número de formacións comprometidas coa lingua e a cultura galegas. Como compositor e arraxista traballa con produtoras do audiovisual, proxectos interdisciplinares coa danza, circo, teatro ou cine, e composicións para banda ou orquestra sinfónica e música de cámara. Actualmente realiza estudos superiores de composición no Conservatorio Superior da Coruña e de dirección con Marcel Van Bre; e é docente na Escola de Música da Bandeira, no Conservatorio Profesional da Coruña, e director e profesor na Escola de Música de Ordes, onde dirixe a banda de música.



Xoves 28, 20:00 h

Parque de San Domingos de Bonaval

Orquestra de Malabares

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Casiano Mouriño, director

Pistacatro

Reperto: Arturo Cobas, Dulce Duca, Dani Fausto, Aitor Garuz, Santi Montero, Guillermo Porta e Xampi.

Dirección: Pablo Reboleiro.

Dirección musical: Manuel Paino.

Producción: Belém Brandido/José Exposito

Producción Executiva: Pistacatro

Axudante de Dirección: Diego Anido

Coreografías Malabares: Dani Fausto

Vestuario: Uxia P. Vaello

Apoio dramaturxia: Marcos Carballido

Xastra: María Villas con Maravillas Atelier

Taller Atlántico Contemporáneo

O TAC recibe o Premio da Crítica Galega polo seu proxecto *Os Seráns do TAC* en 2013, ano no que lle outorgan o Premio na categoría de Música Clásica e Contemporánea nos Primeiros Premios Galegos da Música. O TAC iniciou a súa andadura en marzo de 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar dende un principio a proximidade que a música contemporánea pode ter para calquera tipo de público e a posibilidade de facer concertos introducindo novos elementos. En xuño do mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar integramente la obra de Satie *Vexations*, 18 horas ininterrompidas de piano. Nesta ocasión contou coa colaboración de 27 pianistas. Paralelamente a este tipo de repertorio, abordou no Centro Galego de Arte

Contemporánea un ciclo de seis concertos dedicados á música de compositores galegos e escritos para diversas formacións de ensemble. Xa en 2011 continuou tamén no CGAC cun ciclo de tres concertos que achegou ao público unha pequena mostra do repertorio que se fixo fóra das nosas fronteiras dende mediados do século XX até a actualidade. Escolleéronse obras de Crumb, Schnittke e Berio. En xullo do mesmo ano, actuaron no Festival Via Stellae co grupo Siniestro Total nun concerto conxunto (*Land Of Opportunity*) onde tocaron música da formación viguesa arranxada por Javier López de Guereña para o TAC. Ao longo de 2011 organizaron na Cidade da Cultura o ciclo *Os Seráns do TAC* que incluía música contemporánea, humor e gastronomía. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez.



Venres 29, 20:30 h

Sala Ángel Brage. Auditorio de Galicia

A Cabeza do Dragón

de Ramón María del Valle Inclán

Dirección e dramaturxia: Quico Cadaval

Elenco: Quico Cadaval, María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor

Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez

Escenografía e espazo lumínico: Baltasar Patiño


Vestuario, atrezzo e deseño gráfico: Suso Montero

Música: Javier María López

Intérpretes: TAC (Taller Atlántico Contemporáneo)

PT Excéntricas conseguiu a colaboración de Baltasar Patiño, unha referencia no teatro español, para o espazo escénico e a iluminación. A indumentaria e o deseño gráfico será un traballo da imaxinación e da man de Suso Montero.

A música é unha partitura composta ex-profeso para este espectáculo por Javier María López que, nesta ocasión, dirixirá o TAC formado por prestixiosos músicos, moitos deles profesores da Real Filharmonía de Galicia.





“C”



CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



CONSORCIO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA